



A DESPEDIDA

VI CONCURSO DE CUENTOS REPSOL S. A.

SEGUNDO PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autora: **Rosa Aneiros Díaz**

ANO 1993

o automatismo predomina sobre outra función. Pensarás que son unha chorica, pero tiña moitas gañas de botar fóra todo este baleiro, e aquí ninguén me escoita.

Como sempre, só ti podes chegar a comprenderme. ¿Queres saber algo do que fago tódolos días? Non é demasiado divertido pero podería ser peor. Érgome ás nove aínda que non almorzo ata as dez e media. Cada día, ó espertar, penso no que estaredes facendo vós; os luns en clase de Física aturando ó tolo de Ramón, os martes en Inglés, os mércores en Ética... (Dálle recordos ó profesor de Debuxo e aproveita de paso que non negues que che gusta aínda que só sexa un pouquiño). Paso o resto da mañá facendo probas aquí e aló, do laboratorio ó quirófano, creo que non debe de quedar nin unha pinga de sangue nas miñas veas do moito que me levan quitado.

Xanto a unha e media, durmo a sesta e logo paseo un pouco polo hospital ata a hora da cea. É o que máis me entretén durante todo o día: vou ata Maternidade a ver ós bebés, a Rehabilitación (hai alí un rapaz que tivo un accidente de moto que está...) chámase Santiago, en definitiva, nada. O outro día tiven tentación de baixar á cociña a ver como fan a comida que sabe a mil demos; pero non me fixo moita gracia a idea de atoparme co encargado e subín de novo. Antes de deitarme leo un pouco ou fago autodefinidos para matar o tempo. Como puideste comprobar, os meus compañeiros de habitación non son moi agradables, así que estou soa case sempre. Meus pais esti-

veron comigo as dúas primeiras semanas pero pedinlles que regresaran a casa. Vállome por min mesma e os meus irmáns pequenos necesitan máis deles que eu. Desgraciadamente non sempre me atopo tan ben como para levar unha vida completamente normal. Ó principio tiña ataques unha vez á semana ou como moito, dúas. Agora súmanse ata cinco e, ás veces, varias durante o día. Daquela teño que estar tirada na cama chorando de dor e semidrogada polos calmantes. Cando peor estou comenzo a delirar e a soltar burredas das que te escandalizarías. As primeiras veces non soportaría que ninguén que quero me vise así. E moi desagradable. Como ves, isto é desesperante, sobre todo para unha persoa coma min que non aturo queda nin un intre. Cambiei, xa non son aquela toliña que lembrás correndo escaleiras arriba e abaixo, nin aquela que che facía rir a calquera hora, acouguei un pouquiño neste lugar. Antes pasaba o día vivindo apenas sen pensar, hoxe paso o día pensando apenas sen vivir. Máis de mil veces cruzan polo meu maxín imaxes do instituto, dos veráns, das festas... de todo aquilo que tanto significa para nós.

Case sempre son alabanzas, lembranzas divertidas e agradables, quizais porque o malo se esquece axiña. Neses intres gustaríame verte ó meu carón para poder comentar ata o detalle máis insignificante como facíamos de costume. A primeira semana que pasei aquí soñaba con que aparecerías pola porta e poderíamos falar horas e horas sen parar.

Agora xa sei que iso non vai suceder e aprendín a recordar na soidade. Asemella increíble, tan poucos anos vividos e tantos momentos especiais que lembrar por unha ou outra cousa. O máis curioso é que tódalas experiencias nos son parellas. Coñecímonos ós sete anos nunha festa de cumpreanos e dende aquela non nos separamos nunca. Quizais por iso sexamos tan amigas. Son demasiadas cousas en común como para pasalo por alto. Din que a adolescencia é a etapa máis dura na vida dunha persoa; non o sei porque aínda vivo inmersa nela pero o que é seguro é que ás veces dan ganas de tirala pola fiestra ¿Lembras as nosas conversas? Uns días dicíamos que todo era marabilloso e ás poucas horas xurábamos en contra. Supoño que resulta normal nestes anos. A nosa primeira bebedeira, o primeiro cigarro, a primeira escapada..., as miles de tolerías que levamos feito! ¡Cando fumamos o primeiro cigarro, cando negamos o primeiro porro, cando preparabamos as festas; pero tamén as primeiras bágoas, as broncas por chegar tarde, os castigos, as desilusións, as dúbidas, as depresións... Cando a vida perdía todo o sentido, cando o futuro era absolutamente negro, cando nada nin ninguén parecía facernos superar esta tristura... En todo momento te atopei ó meu carón. Non era necesario pedilo porque cando te necesitaba sempre estabas aí, sen preguntas. Sabías que as palabras sobaban, que a túa única presenza dicía máis que calqueira cousa que os teus beizos rosmasen. Podías estro-

pear moito sentimento, así que optabas polo silencio. En nós as miradas resultaban suficientes para expresar moitas ideas e iso convertiunos nuns seres incomprensibles para o resto da xente. Encantábanos rodearnos de persoas, coñecer rapaces continuamente pero para o realmente importante só existíamos ti e máis eu.

Todo o que ti vivías na túa clase, no teu mundo subxectivo non me era alleo de todo aínda que ti gardases os teus segredos que nunca revelarías a ninguén. A pesar de que a sinceridade era a base da nosa amizade, ningunha entrou nunca na individualidade da outra. Era demasiado libre como para escravizarme coa nudez total ante outra persoa, aínda que ésa foses ti. Quizais a culpa de todo isto sexa que medramos xuntas; os teus problemas vivinos como os meus propios e igual as túas alegrías. Se ti rías contaxiábasme ledicia, se chorabas transmitíame tristura, ¿non che acontecía o mesmo?

Moitos dicían que nos imitábamos moitísimo. Sen embargo nada máis lonxe da realidade, éramos pólos opostos, completamente diferentes, tal vez por iso nos compenetrásemos tan ben. Por estas e outras razóns resulta imposible separarnos, porque compartimos demasiado... estou feita cun pedazo de ti. O tempo non logrou romper esta unión, nen sequera a distancia. Non, non foi preciso que mo dixeses o outro día, coñézote moi ben e os acenos da túa cara non me ocultan nada. E por iso, neste intre estou escribindoche esta carta aínda que morro de

sono e frío nesta cadeira. Porque xamais souben mentir-
che, e moito menos agora, é preciso que che dea unha
explicación. Tenteino, ben sabe Deus que sí, non quería
que vos désedes conta da miña verdadeira situación, pero
ti con só mirarme ós ollos descubríchelo. Supoño que se
che digo que non poido máis, que isto é un inferno e que
me estou consumindo pouco a pouco non te revelo nada
abraiante; a alegría do outro día, chea de hipocresía e fal-
sidade, non te enganou. Pero xa me coñeces, non me gus-
ta que a xente sinta compaixón de min nin que simule
comprenderme cando me son completamente alleas.
Considero que és a única persoa do mundo que debe
saber o que estou vivindo porque só confío en tí. Nunca
me fallaches, non o faga agora cando me queda tan pou-
co... Perdóame pero non son tan forte como cría e necesi-
taba dicirlle isto a alguén.

Ananda, a vida váiseme das máns e non poido facer
nada. Estes ataques esporádicos irán aumentando co paso
do tempo ata facerse tan continuos que apenas me poida
erguer do leito. Meus pais non saben nada, non quixen
que llelo dixeran porque non o soportarían. Levo semana
e media calando, sufrindo en silencio porque non aturo
ver a dor nas persoas que aprecio de verdade. Esa angu-
ria mántame pouco a pouco, sintoo cada mañá ó espertar.
Quédanme menos forzas, menos ilusións, menos aire que
respirar. Cando mo dixeron quedeime tan normal; non
podía ser verdade, eu, cunha enfermidade irreversible,

imposible. Pasei así varias horas sen conseguir asimilar a miña nova realidade, a dunha moribunda.

Coustome moitas bágoas e empeño poder dicir “vou vivir ata o final” pero ás veces xurden intres como este no que a depresión pode máis ca min. Sabíao. Sabía que me ía derrubar e acabar contándochos, coma sempre. Perdóame por ser así de débil e compartir contigo a miña desgracia. Pero quizais sexa o mellor, penso que o prefires a que desaparezca da túa vida sen explicacións e para sempre. Non te rompás a cabeza pensando no que podes facer, con que estés aí chégame. A túa amizade foi o mellor regalo que Deus me deu e góstame pensar que eu son para tí aínda que só sexa un pouquiño, o que ti es para min. Se non o logrei moitas veces, perdoo, son demasiado orgullosa, egoísta e soberbia, e quizais non souben facerme valorar. Sabes que, aínda cos meus defectos, aquí dentro hai unha persoa inocente, enamorada da vida e do propio amor. Sigo embobándome coas frores, co chiar dos paxaros, cos movementos do millo, ó son do vento, coas estrelas, coa lúa... O que máis odio deste lugar é non poder ver o mar, co que compartín tantas inquedañas e desexos, aquel que sempre escoitou o meu laído, aquel que me falaba do Deus e de min mesma. Angúriame pensar que quizais mañá non estea aquí para velo. Sei que para ti isto sempre foron romanticismos absurdos pero gostaríame que os contemplases con outros ollos. Dis que a Natureza nunca che falou de nada, pero fíxate a partires

de agora, falarache de min. Cando descubras una estrela fugaz pensarás en canto me emocionaban, cando as ondas batan contra as rochas lembrarás que sempre sentín temor da súa bravura.

Non teñas mágoa porque eu estarei ben, seguro. Por favor, non te amargues simplemente porque eu deixe de existir. Hai moitas cousas fermosa que merecen a pena ser vividas, e aínda que eu non poida compartilo directamente contigo, haberá outras moitas persoas ó teu lado. Algún día atoparás a alguén mellor ca min, non é difícil porque o mundo está cheo de xente marabillosa que merece a pena coñecer. Eu xa non poido facelo pero ti aínda tes moito tempo. Hai momentos que quedan por vivir pero ti faralo por min, e compartirémolo, coma sempre. Aproveita cada día coma se fose o derradeiro; terás que vivir por tí e por min.

Cando penses que non tes a ninguén e esteas mal por calquera cousa, lémbreme, eu estarei contigo.

Síntoo, dóeme demasiado e xa non teño folgos; como único adeus, sé feliz. Despídeme de todos.

PD. Por favor, non volvas a visitarme, é a miña derradeira vontade. Non aturo as despedidas e amáis diso, as emocións fortes perxudícanme moito. Sei que non morro soa porque hai xente que me quere e, aínda ausente, síntoa preto de min. Agora que cho dixen quedo máis tranquila, só me queda agardar.

PD. Nin se che ocorra chorar porque te pos moi fea, dóeche a cabeza e logo estás inaguantable. Non me esquezas. Un Bico.